



Vedra co Día Internacional do Orgullo LGBTQ+
REIVINDICA o respecto á identidade que cada individuo
sinte e conforme á cal decide vivir!

Na web municipal atoparás toda a información sobre
esta conmemoración.

VEDRA PARTICIPA NA PROPOSTA PARA CONFECCIONAR ALFOMBRAS FLORAIS CON MOTIVO DO DÍA DO APÓSTOLO 2022 – ANO XACOBEO

■ A Federación de Alfombristas Galegos, baixo a idea de realizar unha ofrenda ao Apóstolo representando a chegada dos seus restos a Santiago; está artellando tres representacións florais: Padron o 15 de xullo, Vedra o 21 de xullo e Santiago o 23 e 24 de xullo.

No caso de Vedra será:

- **Día:** xoves 21 de xullo
- **Lugar:** contorno da Capela do Santiaguíño en San Pedro de Vilanova.
- **Horario:** ao longo da tarde será a montaxe da alfombra coa participación da veciñanza vedresa que participa na cofección dos traballos ornamentais das Xornadas arredor da Camelia. A temática da alfombra estará relacionada con Vedra.
- **21:00 h.** Acto de presentación.

Interveñen:

- Ana Filgueira, arqueóloga e antropóloga.
- Manuel Alonso Lorient, Presidente da Federación de Alfombristas Galegos (FAGAARTE).
- Actuación musical.

■ OLLO!!

No mes de agosto NON haberá exemplar do Boletín Informativo Municipal de Vedra. A seguinte publicación será en setembro.

XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AXENDA DA “VEDRA FESTEIRA”

EN XULLO...

- FESTAS EN SAN XIÁN DE SALES do 1 ao 3 de xullo.
- FESTAS PATRONAIS EN MERÍN o 10, 16 e 17 de xullo.
- FESTAS DO CARME EN TROBE o 16, 17 e 18 de xullo.
- FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA o 23 e 24 de xullo.

EN AGOSTO...

- FESTAS EN SAN FINS DE SALES do 1 ao 3 de agosto.
- FESTAS EN SAN MAMEDE o 7 e 8 de agosto.
- XI FESTA DO CHOURIZO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN o 7 de agosto. Inscricións e máis información nos teléfonos 654 067 843 / 637 844 676.
- FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN do 9 ao 11 de agosto.
- CONCENTRACIÓN DE MOTOS VAL DO ULLA o 19 e 20 de agosto. Inscricións e máis información no teléfono 680 482 896.
- FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN VILANOVA o 26 e 27 de agosto.

■ LEMBRA!!

En setembro sairá o CATÁLOGO de actividades culturais e deportivas municipais para o curso 2022/2023 e abrirá o PRAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULAS.



Presentación do libro "Feitizo no val" escrito por Xosé Manuel Lobato e Fátima de la Iglesia coas ilustracións do alumnado da escola de Sarandón do Cra Boqueixón-Vedra "Neira Vilas".



Adestramento da selección galega de rugby M18 que rematou o domingo 19 de xuño no campo do Coto a súa preparación para o Campionato de España de Seleccións Autonómicas que tivo lugar na última fin de semana de xuño en Mallorca.



Clausura das actividades do programa de animación e desenvolvemento comunitario co colectivo de persoas maiores.



Paso de "Os camiños das músicas galegas" por Ponte Ulla.



Campamento infantil Vedra - Boqueixón.



Campamento xuvenil Vedra - Boqueixón.



Stand de Vedra en FESTUR, en Silleda.



Estadía do grupo de intercambio xuvenil de Ibiza acollido por Vedra e Boqueixón.


ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Día da bicicleta en Vedra co Club Ribadoulla.



Festival de fin de curso da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.



Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra coa escolanía na Catedral de Santiago.

De Interese

OFICINA DE REXISTRO CL@VE EN VEDRA

■ A Oficina de Rexistro Cl@ve é un sistema orientado a unificar e simplificar o acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.



O seu obxectivo principal é que a cidadanía poida identificarse ante a Administración, mediante claves concertadas (usuario máis contrasinal), sen ter que recordar claves diferentes para acceder aos distintos servizos.

Cl@ve complementa os actuais sistemas de acceso mediante DNle e certificado electrónico, e ofrece a posibilidade de realizar sinaturas na nube con certificados persoais custodiados en servidores remotos. Previamente á utilización do sistema Cl@ve cómpre rexistrarse no mesmo, achegando os datos de carácter persoal necesarios.

Este rexistro pode facerse:

- A través de internet sen certificado electrónico (este tipo de rexistro é de nivel básico e non permite o acceso a todos os servizos)
- A través de internet con certificado electrónico ou DNle
- De xeito presencial nunha oficina CL@VE. A Secretaría Xeral da Administración Dixital autorizou a este Concello para que funcione como Oficina Rexistro Cl@ve.

Para rexistrarse no sistema de xeito presencial a través desta oficina debes solicitar cita previa a través do formulario dispoñible na Sede Electrónica – Outros servizos (<https://sede.vedra.es>)



NOVO MEMBRO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

■ No Pleno celebrado o día 25 de maio de 2022 tomou posesión como novo membro da Corporación municipal o concelleiro do BNG David Brocos Vieiro, en substitución do concelleiro José Ramón Pose Rodríguez.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS

■ O Concello de Vedra pon a disposición da veciñanza este servizo de recollida a domicilio de voluminosos que non poden ser transportados ao punto limpo cos recursos propios.

Para solicitar este servizo só tes que chamar ao 981 814 612.

HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

■ Ata o 15 de setembro o horario de atención ao público no Concello de Vedra será de luns a venres de 9:00 a 13:00 h.

- Nas Oficinas Xerais e nos Departamentos de Alcaldía, Emprego e Cultura e Deportes (de luns a venres)
- No departamento de Servizos Sociais (os luns, xoves e venres)
- No departamento de Urbanismo (os luns, mércores e xoves)
- No Xulgado de paz (os martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas)

VEDRA CO TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO

■ LEMBRA!

Que se resides en Vedra e queres desprazarte a Santiago con regularidade contas cunha ampla expedición de liñas de transporte público para facelo. Cada casa vedresa recibiu a súa revista do “Transporte Público Metropolitano de Galicia en Vedra” na que podes consultar os horarios de paso por cada parada e cada parroquia.



Ademais podes consultala na páxina web municipal e podes facer a túa consulta no teléfono 981 814 612.

Unha maneira sinxela, cómoda, ecolóxica e barata de viaxar... Algo especialmente importante nestes tempos de encarecemento dos combustibles!

SERVIZO DE AVARÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ No caso de avaría na iluminación pública ou calquera incidencia neste servizo ponte en contacto nos seguintes teléfonos: 699 304 702 ou para urxencias no 901 203 040.

PUNTO LIMPO DE VEDRA

■ Horarios de atención ao público:

- Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábado de 9:00 a 14:00 horas.

Xa non é precisa CITA PREVIA!



Cultura

PRESENTACIÓN DO LIBRO

“RARA ES LA ENFERMEDAD, HISTORIAS DE SUPERACIÓN” EN VEDRA

■ **Data e lugar:** Sábado 2 de xullo ás 18.30 horas na Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.

Programa:

- Intervención de Judit Pinilla Vázquez, irmán de Andrea, afectada polo Síndrome de Rett e escritora dun capítulo da obra.

- Intervención de Felipe Pinilla Rivera, avó de Andrea, afectada polo Síndrome de Rett.

Despois da presentación haberá venda e firma de exemplares. A recadación será integramente destinada á creación de axudas á investigación de Enfermidades Raras.

PISCINA EN VEDRA

■ Do 27 de xuño ao 31 de agosto.

Máis información na propia instalación en horario de atención ao público ou no teléfono 659 498 353.

27 de xuño a 31 de agosto
HORARIO:
de luns a venres de 15.00 h a 21.00 h.
sábados, domingos e festivos de 16.00 h a 21.00 h.

A compra de entradas e abonos faise directamente na instalación
• En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas

PISCINA MUNICIPAL - tarifas

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

- Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: ENTRADA GRATÍS
- Maiores de 65 anos: 1,00 €
- Menores de 18 anos: 1,00 €
- Maiores de 18 anos: 2,00 €

- Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 6 anos: 1,00 €
- Maiores de 65 anos: 2,00 €
- Menores de 18 anos: 2,00 €
- Maiores de 18 anos: 3,00 €

2) BONOS:

• Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 6,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 8,00 euros
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 10,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 15,00 euros

• Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 12,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 16,00 euros
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 20,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 30,00 euros

3) ABONOS FAMILIARES:

(composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 18 anos)

- PARA FAMILIAS DE VEDRA: 36,00 € / por toda a tempada.
- PARA FAMILIAS DE FÓRA DE VEDRA: 100,00 € / por toda a tempada

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- INDIVIDUAL (para persoas empadroadas en Vedra): 30,00 €
- INDIVIDUAL (para persoas non empadroadas en Vedra): 80,00 €

CURSOS DE NATACIÓN INTENSIVOS
DE VERÁN 2022

OS LUNS, MARTES, MERCORES E XOVES DO 4 DE XUÑO AO 28 DE XUÑO

ACTIVIDADES DE INICIACIÓN ACUÁTICA

NACIDOS/AS NO ANO 2018 E POSTERIORES.
ACOMPAÑADOS/AS DO PAI/NAI/TUTOR
DE LUNS A XOVES DE 15:30 A 16:15

NATACIÓN INICIACIÓN I

NACIDOS/AS 2014, 2015, 2016, 2017
DE LUNS A XOVES DE 16:15 A 17:00

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO I

NACIDOS/AS 2014, 2015, 2016, 2017
DE LUNS A XOVES DE 16:15 A 17:00

NATACIÓN INICIACIÓN II

NACIDOS/AS EN 2010, 2011, 2012, 2013
DE LUNS A XOVES DE 17:00 A 17:45

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO II

NACIDOS/AS EN 2010, 2011, 2012, 2013
DE LUNS A XOVES DE 17:00 A 17:45

NATACIÓN INICIACIÓN PERSOAS ADULTAS

NACIDOS A PARTIR DO ANO 2009
DE LUNS A XOVES DE 17:45 A 18:30

NATACIÓN PERFECCIONAMENTO PERSOAS ADULTAS

NACIDOS A PARTIR DO ANO 2009
DE LUNS A XOVES DE 17:45 A 18:30

INSCRÍBETE NOS CURSOS ENTRE O 27 DE XUÑO AO 1 DE XUÑO
NA PROPIA PISCINA MUNICIPAL.

- CURSOS PARA PERSOAS MENORES DE 14 ANOS: 7€ + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
- CURSOS PARA PERSOAS MAIORES DE 14 ANOS: 13€ + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

CORRENTES DO ULLA

■ Un programa conxunto de Vedra e Boqueixón que inclúe catro actividades de piragüismo, pesca, sendeirismo e voluntariado ambiental abertas a toda a cidadanía e relacionadas co río Ulla.

Bótalle un ollo a todas as propostas e INSCRÍBETE en calquera das webs municipais.

Consultas ou dúbidas no teléfono 981814691.

DESCENSO DO ULLA

- Data: 9 de xullo.
- Percorrido: Dende as Illas de Gres (Ponteledesma) ata a Área de Recreo de Agronovo.
- Prezo: 20€ por persoa. (Inclúe piragüa de 2 persoas: chaleco salvavidas e seguro).
- Observacións: Poderán participar as persoas maiores de 13 anos con autorización.
- Prazas limitadas

GOZA DO ULLA (ETAPA BOQUEIXÓN VEDRA)

- Data: 24 de xullo.
- Percorrido: Saída ás 10 horas de Sucira (Ruta dos Pescadores) ata Agronovo (Ruta de San Xoán da Cova).
- Distancia: 10 km aprox.

ESCOLA DE PESCA EN RÍO

- Introducción ao mundo da pesca sostible e á concienciación coa natureza.
- Imparte: David Arcay (campión do mundo de pesca con mosca)
- Colabora: Federación Galega de Pesca
- Datat:
 - 27 de xullo. Na área de recreo agronovo.
 - 28 de xullo. Na área de recreo de sucira.



+ información e inscricións en:
www.cancellovededra.gal
www.boqueixon.gal

 Cancele de Vedra

 Cancele de Boqueixón



ALUGUER DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SURF NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu aluguer a un prezo de 4 €/hora.

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO VERÁN – XIMNASIO MUNICIPAL

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal, que será de luns a venres de 19:00 a 23:30 horas.

SERVIZO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS BTT

■ O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos proxenitores ou pais/nais, ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Horario e lugar do servizo de alugueiro de bicicletas:
Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos PUNTOS DE INTERMEDIACIÓN DO ALUGUEIRO DE BICICLETAS:

- **Bar Quenllas:** R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, - 8.424904). Tel.: 981 512 452.
- **Bar Barreiro:** Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153). Tel.: 981 511 508
- Ou chamando ao 981 814 612 concello de Vedra.

LUDOVERÁN

■ “Teca” e “Ludo” A aventura de explorar

Este ano a nosa aventura correrá a mans de dous personaxes aventureir@s e explorador@s “Teca” e “Ludo” que nos acompañarán este verán para converternos en autentic@s explorador@s. A través deste gran xogo aprenderemos a mirar e analizar o mundo desde outras perspectivas, ao mesmo tempo que potenciamos o noso instinto de “esculcar” e comprender a contorna que nos rodea.

OFICINA DE TURISMO

■ Como cada ano, en tempada de verán, o Punto de Información Turística da Reitoral da Ulla abre as súas portas para atender aos peregrinos e peregrinas.

O horario de apertura será de martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas.



Dispoñibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario/a:

As persoas interesadas en usar o sistema de alugueiro de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo:

Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra “Casa dos Peóns”.

Información

Unha ano máis, o Concello pon en marcha a Ludoverán, co obxectivo de ser unha alternativa próxima para aquelas persoas que necesiten coordinar os seus períodos laborais cunha atención integral para as súas/os seus fillas/fillos.

Chega a época de verán e os/as nen@s dispoñen de tempo libre, seguindo as liñas pedagóxicas que desenvolvemos dende fai tempo, pensamos que é axeita-

do brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo, relacionándose entre eles/as nun marco lúdico.

A palabra aventura contextualízanos nun universo fantástico atractivo para ou @s nen@s; partindo desta idea propoñémoslles que eles e elas sexan os protagonistas da súa propia aventura e desenvolvan a capacidade de explorar polo que o longo de todo o verán trasformarémonos en exploradores/as onde a vida será a nosa trepidante aventura.

Da man de dous personaxes “Teca” e “Ludo” dous famosos exploradores, iremos aprendendo e descubriendo o noso entorno próximo e o mundo cos misterios que o rodean.

Obxectivos Xerais:

- Ofrecer un espazo e contexto adecuado para o desenvolvemento social e relacional d@s nen@s.

- Posibilitar o achegamento da familia o entorno d@s nen@s facéndose partícipes no desenvolvemento integral d@s nen@s nun marco lúdico.

Obxectivos específicos:

- Realizar actividades grupais onde @s nen@s teñan que adestrarse en habilidades sociais e relacionais como:
 - Traballo en equipo
 - Resolución de conflitos
 - Saber pedir axuda
 - Saber proporcionar axuda
 - Alternativas á violencia

Actividades e talleres:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos e animación
- Xincanas e xogos de pistas

Outras actividades significativas:

- Taller de arqueoloxía
- Confección de murais temáticos
- Xogos de orientación
- Taller de confección de camisetas
- Taller de globoflexia e papiroflexia
- Taller: “Ponte no meu lugar”
- Xogos de Auga

Todas as actividades semanais irán intercaladas cos distintos obradoiros de: Construción, artesanía, expresión musical e artística.

Horario ludoverán:

De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas. Debendo levar un pequeno almorzo para media mañá.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



Concello
de Vedra

Medio Rural

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ LEMBRA!! Dende o 31 de maio rematou o prazo para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumprisen co disposto na Lei de incendios e nas súas posteriores modificacións. A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións. A maiores disto a Administración poderá repercutirlle os gastos de extinción no caso de incendio

forestal. Por iso rogámoslle a todas as persoas propietarias que inda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible. Así mesmo, agra-



Continúa na páxina 8

decémolles a todas as persoas que xa cumpriron con elas o esforzo realizado para adaptarse á normativa.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

a) Ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (recordamos que hai que limpar tamén a maleza das parcelas urbanas)

b) Arredor das edificacións situadas a menos de 400 metros do monte ou vivendas illadas fóra do solo de núcleo.

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3ª da Lei de incendios que estean situados a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior.

PROHIBICIÓNS:

• Durante o período de alto risco de incendio que disporá a Consellería do Medio Rural **non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.**

• Neste mesmo período estival **queda prohibida a realización de grelladas ou calquera tipo de fogueira** nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

NOVAS PLANTACIÓNS:

Recomendamos que antes de realizar unha nova plantación se busque asesoramento cos axentes medio ambientais de zona para que esta cumpra co disposto na normativa. Esta información poderase solicitar directamente cos técnicos da Xunta ou a través do Concello previa cita no teléfono 881 074 404.

Emprendemento

CENTRO EMPRENDEMENTO

■ O Centro de Emprendemento A Estación presentou este pasado mes de xuño a memoria intermedia de actividade, das que presentamos aquí os seguintes resultados:

- 18 coworkers que forman parte dos programas de incubación e aceleración, con asesoramento continuo no desenvolvemento dos seus proxectos. Teñen prioridade as persoas de Vedra, pero está tendo acollida noutras localidades da comarca.
- 14 proxectos de negocio, nos que atopamos proxectos do sector cultural, produción audiovisual e musical, turismo, comunicación e eventos, consultoría ambiental, etc.

Ademáis do labor de asesoramento individual e conxunto de coworkers desenvóléronse:

- Máis de 100 horas de formación gratuíta en aberto, con materiais formativos de balde para calquera persoa interesada (intelixencia emocional, habilidades sociais, calidade, etc.).
- 2 mesas sectoriais locais: horta ecolóxica, e sector forestal.

- Celebración do primeiro dos Foros de Emprendemento Rural da Deputación de Coruña.
- Participación na presentación de conclusións do proxecto europeo Entering the GIG Economy (Erasmus +) no que participa o Concello de Vedra.
- Establecemento de sinerxías con asociacións locais, co GDR Terras de Compostela, SECOT, AFIPRODEL, etc.

Pódense seguir as actividades de A Estación na súa páxina de facebook @AEstacionVedra

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022
GRATUITO

O CAMIÑO CREATIVO: DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE PATROCINIO E MECENADO
22 xullo 2022, ás 18 horas en A Estación



Información e inscricións no tño. 667 905 330 ou en aestacion@concellovedra.com



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Excursión á praia - "Comida campestre". Outes - praia de Broña

Martes 19 de xullo.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas-

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra... Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona. Pola tarde praia.

(O prazo de inscrición ábrese o luns 27 de xuño ás 17:00 h. de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).

EXCURSIÓN

Praia de Broña

"PULPADA CAMPESTRE"



Martes 19 de xullo

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e "pulpada")

"UN DÍA DE DIVERSIÓN E CONFRATERNIDADE"

O prazo de inscrición ábrese o **luns 27 de xuño** de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024.

As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición

Prazas limitadas





Excursión a Zamora, Arribes del Duero e Braganza da Terceira Idade.

SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO 2022/2023

■ Dende o luns 27 de xuño ata o martes 19 de xullo (ambos incluídos).

Medios de presentación:

- A través da Sede Electrónica do IMSERSO: https://www.imserso.es/sede_01/proc_sede/detalle_proc_sede/index.htm?id=3
- A través da presentación en Rexistro público da solicitude.

Rógase solicitar cita previa no teléfono 981 81 46 93 (Servizos Sociais) ou 981 81 46 12 (Concello de Vedra) para a acudir a realizar as inscricións de forma presencial.

O Programa ofrece os seguintes destinos de viaxe:

1. Zona Costa Peninsular: estancias de 10 e 8 días en Cataluña, Andalucía, Murcia e Valencia.
2. Zona Costa Insular: estancias de 10 e 8 días en Canarias e Baleares.
3. Turismo de Interior, con estancias de 4, 5 e 6 días, en circuitos culturais, turismo de natureza, capitais de provincia e Ceuta e Melilla.

Os ternos se iniciarán no período comprendido entre o mes de outubro de 2022 e o mes de xuño de 2023.

Máis información:

- Departamento de servizos sociais comunitarios (981 81 46 93).
- Convocatoria tempada 2022/2023 (BOE 17.06.2022): <https://www.boe.es/boe/dias/2022/06/17/pdfs/BOE-A-2022-10094.pdf>
- IMSERSO: Teléfono 912 667 713, correo electrónico buzon@imserso.es e páxina web https://www.imserso.es/sede_01/index.htm





PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO INCLUSIÓN NAS LISTAXES DE AGARDA

■ Actualmente segue aberto o prazo para a inclusión nas listaxes de agarda do TERMALISMO do IMSERSO para as quendas dos meses de setembro a decembro de 2022. Este prazo manterase aberto ata o 30 de outubro de 2022.

A inclusión na listaxe de agarda é para poder acceder ás prazas que vaian quedando vacantes por renuncias ou outras circunstancias.

Máis información:

- Na páxina web do IMSERSO: https://sede.imsero.gob.es/sede_01/proc_sede/detalle_proc_sede/index.htm?id=2#ancla1
- No teléfono do IMSERSO: 912 667 713
- No departamento de servizos sociais comunitarios do Concello de Vedra (981 81 46 93)

DESTINO, DURACIÓN E PREZO DAS PRAZAS

DESTINOS	DURACIÓN	PREZO
Zona costeira peninsular: Andalucía, Cataluña, Murcia, Comunidade Valenciana con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	269,83 €
	Estancias 8 días (7 noites)	212,96 €
Zona costeira peninsular: Andalucía, Cataluña, Murcia, Comunidade Valenciana sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	235,95 €
	Estancias 8 días (7 noites)	196,02 €
Zona costeira insular: Illas Baleares con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	308,37 €
	Estancias 8 días (7 noites)	248,96 €
Zona costeira insular: Illas Baleares sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	236,07 €
	Estancias 8 días (7 noites)	195,78 €
Zona costeira insular: Illas Canarias con transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	405,53 €
	Estancias 8 días (7 noites)	330,51 €
Zona costeira insular: Illas Canarias sen transporte.	Estancias 10 días (9 noites)	235,95 €
	Estancias 8 días (7 noites)	195,72 €
Turismo de interior	Circuitos culturais 6 días (5 noites)	272,71 €
	Turismo de natureza 5 días (4 noites)	266,81 €
	Capitais de provincia 4 días (3 noites)	115,98 €
	Ceuta o Melilla 5 días (4 noites)	266,81 €
Viaxes con procedencia europea		
Zona costeira peninsular e zona costeira insular: Illas Baleares	Estancias 10 días (9 noites)	455,81 €
Zona costeira insular: Illas Canarias	Estancias 8 días (7 noites)	419,29 €
Turismo de interior	Circuitos e itinerarios	302,51 €

Estos prezos inclúen:

- Aloxamento: habitación dobre a compartir. Se a persoa beneficiaria desexa habitación de uso individual, engadírase o seguinte suplemento por noite:
- 20 € Illas Baleares e zona costeira peninsular.
- 23 € Illas Canarias
- 25 € Turismo interior

- Pensión completa, excepto en viaxes a capitais de provincia onde o réximen é de media pensión
- Transporte, agás nas modalidades nas que non está engadido expresamente e en viaxes a capitais de provincia.
- Quendas de Nadal e fin de ano: inclúe un suplemento de 20 euros por persoa por cada xantar ou cea de gala (ceas de gala: 24 e 31 de decembro. Xantar de gala: 25 de decembro e 1 de xaneiro.



FALAMOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

■ O último informe do CGPJ revela un aumento das denuncias de violencia de xénero no primeiro trimestre de 2022.

As denuncias por violencia de xénero aumentaron un 19,33 % no primeiro trimestre do ano e o número de mulleres vítimas incrementouse un 17,85%.

Desde O Concello de Vedra seguimos denunciando o grave problema da violencia de xénero que require dunha atención urxente e dirixir os esforzos a que as vítimas sentan protexidas e apoiadas polas institucións públicas.

O máis destacable dos datos do primeiro trimestre de 2022 é o aumento do total de denuncias por violencia de xénero con respecto ao mesmo período do ano anterior: foron presentadas 41.765 fronte ás 35.001 de 2021. Esta cifra tradúcese nun aumento do 19,33 %. Algunhas comunidades presentan un aumento próximo ao 30 %

Tamén son máis as mulleres vítimas de violencia de xénero en 2022: 40.481 fronte ás 34.350 de 2021, un 17,85 % máis.

Do informe do CGPJ extráense tamén outros datos. O 71,19 % das denuncias foron interpostas pola vítima en 2022. O resto de denuncias por violencia de xénero foron resultado da intervención policial directa (14,55 %); dos partes de lesións recibidos nos xulgados (7,63 %) ou os servizos de asistencia a terceiros (4,85 %). **Só o 1,5 1% das denuncias foron de familiares, diminuindo esta cifra.** Do total de delitos instruídos en 2022 (46.555), os máis comúns foron as lesións e malos tratos (65,7 %); quebrantamento de medidas (12,9 %) e quebrantamento de penas (7,7 %). Aínda que practicamente na liña do ano anterior, o número de delitos creceu nun 16,13 %. A pesar diso, a taxa de ordes e medidas por cada 100 mulleres vítimas de violencia de xénero reduciuse lixeiramente, pasando de 23,80 % no primeiro trimestre de 2021 ao 22,97 % en 2022.

En canto ás ordes e medidas solicitadas, estas tamén experimentaron un aumento, neste caso do 14,07 % ao pasar de 8.150 en 2021 a 9.297 en 2022.

Por último, se observamos o número total de sentenzas ditadas no ámbito da Violencia de Xénero no período de xaneiro-marzo, comprobamos que non



só hai máis sentenzas en 2022 (14.599) que en 2021 (13.049), senón que tamén a porcentaxe de sentenzas condenatorias é lixeiramente maior en 2022 (75,69 %) que en 2021 (73,11%).

No que vai de ano, 18 mulleres e un menor foron asasinadas en España, o que significa que son 1.148 mulleres e 47 menores asasinados desde o 1 de xaneiro de 2003.

Denunciar a violencia de xénero: Que teléfonos e servizos hai a disposición das mulleres?

- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas
- CIM, centro de información á muller:
- Atención xurídica Venres de 8.00 a 15.00 h.
- Atención psicolóxica Martes de 10.00 a 13.00 h
- Teléfono 981 81 46 93

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.



**FACEMOS UN REPASO POLAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS !!
EN SETEMBRO ANUNCIAREMOS O PRAZO DE INSCRICIÓN E A FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULAS!!**

ACTIVIDADES ESCOLAS DEPORTIVAS: HORARIOS E IDADES AS QUE VAN DIRIXIDAS

ACTIVIDADE	HORARIOS	IDADES
XIMNASIA RÍTMICA 1	Luns e mércores de 17:00 a 18:00 h.	Nad@s entre 2014 e 2017.
XIMNASIA RÍTMICA 2	Luns e mércores de 18:00 a 19:00 h.	Nad@s entre 2005 e 2013
PREDEPORTE	Martes e xoves de 17:00 a 18:00 h.	Nad@s en 2018 e 2019
BALONCESTO 1	Martes e xoves de 17:00 a 18:00 h.	Nad@s entre 2014 e 2017
BALONCESTO 2	Martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.	Nad@s entre 2005 e 2013
BÁDMINTON	Martes e xoves de 18:00 a 19:00 h.	Nad@s entre 2005 e 2017
KARATE 1	Mércores e venres de 17:00 a 18:00 h.	Nad@s entre 2014 e 2017
KARATE 2	Mércores e venres de 18:00 a 19:00 h.	Nad@s entre 2005 e 2013
PATINAXE 1 (iniciación) Pavillón de Lestedo	Martes e xoves de 17:30 a 18:15 h.	Nad@s entre 2005 e 2017 que non saiban desplazarse sobre patíns
PATINAXE 2 Pavillón de Lestedo	Martes e xoves de 18:15 a 19:00 h.	Nad@s entre 2014 e 2017 que saiban desprazarse sobre patíns
PATINAXE 3 Pavillón de Lestedo	Martes e xoves de 19:00 a 19:45 h.	Nad@s entre 2005 e 2017 que superen a proba de nivel do grupo de nivel 3
PATINAXE 4 Pavillón de Lestedo	Martes e xoves de 19:45 a 20:30 h.	Nad@s entre 2005 e 2017 que superen a proba de nivel do grupo de nivel 4
MULTIDPORTE CEIP Ortigueira	Luns e mércores de 16:00 a 17:00 h.	Nad@s entre 2011 e 2019

■ PREZO

- 25 € cuadrimestre persoas empadroadas ou matriculadas en centros escolares de Vedra.
- 50 € cuadrimestre persoas non empadroadas ou matriculadas nun centro escolar de Vedra.

O cobro realízase mediante domiciliación bancaria unha vez iniciada a actividade.

■ DESCONTOS

- O 2º membro da unidade familiar menor de 18

anos 50 % do primeiro.

- O 3º e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos o 25 % do primeiro.
- As matriculacións nunha segunda ou posterior escola deportiva terán unha bonificación na tarifa do 50%.

■ CALENDARIO

Do 3 de outubro de 2022 ao 31 de maio de 2023, seguindo o calendario escolar, con vacacións en Nadal,

Continúa na páxina 13

Entroido e Semana Santa.

- 1º cuadrimestre do 3 de outubro ao 31 de xaneiro.
- 2º cuadrimestre do 1 de febreiro ao 31 de maio.

As actividades quedan suxeitas a acadar un numero mínimo de 8 alumnos/as para a súa posta en funcionamento. En función diso tamén poderán ser reprogramadas.

■ NOVAS INSCRICIÓNS

Do 12 ao 25 de setembro de 2022

- **Online:** na páxina www.deportesvedra.com
- **Presencial:** no Concello (de 10 a 14 horas) ou no pavillón de Vedra (de 19 a 23 horas).

Necesario achegar os datos da persoa que se inscribe na actividade, e os datos da persoa titora, así coma o numero de conta bancaria para o cargo das taxas das actividades.

A renovación cuadrimestral da actividade é automática a non ser que se notifique expresamente antes do 15 de xaneiro de 2023.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA PERSOAS ADULTAS: HORARIOS, IDADES E PREZOS

ACTIVIDADE	HORARIOS	IDADES	PREZOS
GAP (gluteos, abdominais e pernas)	Luns de 20:15 a 21:00 h. e Venres de 19:30 a 20:15 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
AEROBIC LATINO	Luns e mércores de 21:00 a 21:45 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
HIIT TRX TRAINING. Adestramento interválico de alta intensidade	Luns e mércores de 21:45 a 22:30 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
ACTIVIDADE FÍSICA PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE MENTAL	Martes e xoves de 16:00 a 17:00 h.	Maiores de 16 anos.	Actividade gratuíta.
PILATES 1	Martes e xoves de 19:15 a 20:00 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
PILATES 2	Martes e xoves de 20:00 a 20:45 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
PILATES 3	Martes e xoves de 20:45 a 21:30 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
SOFT TRX TRAINING Adestramento de tonificación muscular a baixa intensidade	Mércores e venres de 20:15 a 21:00 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
AEROBIC Santa Cruz de Ribadulla	Luns e mércores de 16:00 a 17:00 h.	Maiores de 16 anos.	40 € empadroad@s 80 € non empadroad@s
ACTIVIDADE FÍSICA TERCEIRA IDADE	Luns e mércores de 18:15 a 19:15 h.	Inscripción en servizos sociais.	
ACTIVIDADE FÍSICA + 60	Luns e mércores de 19:15 a 20:15 h.	Inscripción en servizos sociais.	

Continúa na páxina 14



■ PREZO

- 40 € cuadrimestre persoas empadroadas no concello.
- 80 € cuadrimestre persoas non empadroadas.

O cobro realízase mediante domiciliación bancaria unha vez iniciada a actividade.

■ CALENDARIO

Do 3 de outubro de 2022 ao 30 de xuño de 2023, seguindo o calendario escolar, con vacacións en Nadal, Entroido e Semana Santa.

- 1º cuadrimestre do 3 de outubro ao 14 de febreiro.
- 2º cuadrimestre do 14 de febreiro ao 30 de xuño.

As actividades quedan suxeitas a acadar un número mínimo de 8 alumnos/as para a súa posta en funcionamento. En función diso tamén poderán ser reprogramadas.

■ NOVAS INSCRICIÓNS

Do 12 ao 25 de setembro de 2022

- Online: na páxina www.deportesvedra.com
- Presencial: no Concello (de 10 a 14 horas) ou no pavillón de Vedra (de 19 a 23 horas).

Necesario achegar os datos da persoa que se inscribe na actividade, e no caso de ser menor de idade, da persoa titora, así coma o número de conta bancaria para o cargo das taxas das actividades.

A renovación cuadrimestral da actividade é automática a non ser que se notifique expresamente antes do 15 de xaneiro de 2023.

■ IDADES AS QUE VAN DIRIXIDAS

Para asistir as actividades deportivas para persoas adultas é necesario ter 16 anos cumpridos.

CONCURSO HÍPICO NO CAMIÑO EN SAN FINS DE SALES

■ **Datas:** Do 29 ao 31 de xullo.

- **Lugar:** Carballeira de San Fins de Sales.
- **Inscripcións** en www.fhgallega.com



Inclusión

CINE DE VERÁN CON RUBÉN RIÓS O 29 DE XULLO NO SANTIAGUIÑO

■ **Lugar:** O campo da festa do Santiaguíño en Vilanova.

- **Data e hora:** O venres 29 de xullo ás 21:30 horas.

Proxección do documental **"OUTROS CAMIÑOS"**, que conta a historia de como catro persoas con parálise cerebral fixeron 500 km da Ruta da Prata en bicicleta, e como guiaron ao longo de todo este periplo a un pelotón disposto a aprender, rír, chorar, e gozar.

Unha experiencia **MOI RECOMENDABLE**, que ninguén se debe perder!!





E EN XULLO UNHA NOVA EDICIÓN DO CICLO... "CINE DE VERÁN. CINEMA GALEGO AO AIRE LIBRE" DA ASOCIACIÓN SENUNPEÑO 3 PARROQUIAS * FILMES GALEGOS

■ **Venres 1 de xullo.**
22:30 h.
San Miguel de Sarandón. Campo da festa
Malencolía



Sira e Pepe, tras 10 anos vivindo en Berlín, deciden dar un novo rumbo á súa vida regresando a Galicia. Con ese obxectivo, mercan unha casa nunha aldea que consideran abandonada, pero na que vive unha señora coa que manterán unha estraña relación.

- 2021. Comedia de terror. 75 min.
- **Dirección:** Alfonso Zarauza.
- **Con:** Melania Cruz, Xulio Abonjo, Iolanda Muíños, Diego Anido, Leticia Sola...
- Coa colaboración da Asociación Cultural San Campio.

■ **Venres 8 de xullo. 22:30 h.**
Trobe. Casa da Fábrica
Cuñados

Dous cuñados metidos en problemas económicos deciden secuestrar ao cuñado da muller que os estafou para pedirlle un rescate e salvar a adega familiar. Só

teñen un pequeno problema: ela non está disposta a pagar un peso por el.

- 2021. Comedia. 95 min.
- **Dirección:** Toño López.
- **Con:** Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez, Eva Fernández, Iolanda Muíños, María Vázquez...
- Coa colaboración da Comisión de Festas de Trobe.

■ **Venres 15 de xullo. 22:30 h.**
Vedra. Campo da festa
Trote

Carme vive nunha aldea das montañas do interior de Galicia co seu pai Ramón, co que apenas fala, e a súa nai enferma. Necesita fuxir dese ambiente opresivo, pero as circunstancias sempre lle impediron dar o paso. Na fin de semana da Rapa das Bestas, o seu irmán maior volve á casa familiar uns días coa súa parella. Unha loita entre o home e o cabalo, entre a razón e o instinto.

- 2018. Drama. 83 min.
- **Dirección:** Xacio Baño.
- **Con:** María Vázquez, Celso Bugallo, Diego Anido, Tamara Canosa, Melania Cruz...
- Coa colaboración da Asociación Cultural Papaventos.

ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

■ V Festival de Bandas Infantís e Xuvenís.

- 9 de xullo ás 12:00 horas na Cidade da Cultura.

Esta acción organizada pola Federación Galega de Bandas Populares de Galicia coa colaboración da Deputación da Coruña e o Agadic.





BANDA XUVENIL DE SANTA CRUZ DE RIVADULLA.

Agrupación participante no V Festival de Bandas Infantís e Xuvenís que terá lugar o 9 de xullo na Cidade da Cultura, organizado pola FGBMP co apoio da Deputación da Coruña e da AGADIC.






XUNTA DE GALICIA



Xacobeo 21-22 Galicia



XIX FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO. 3 DE XULLO ÁS 19:30 HORAS NO PAZO DE ORTIGUEIRA

■ Nesta ocasión participarán:

- A Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira, dirixida por Manuel Otero Paíno.
- A Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, dirixida por Alejandro Cimadevilla.



OBRADOIRO DE TEATRO CON CRISTINA COLLAZO DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Onde e cándoo? No Centro Sociocultural de Vedra os 16 e 17 de xullo.

• Prezo? 50 €

• Inscricións? No teléfono 646 383 305.

• De qué trata? Do Teatro infantil para docentes, recursos e técnicas na aula.



Parabéns



Á MEL BERCE

■ Por conseguir o OURO no **London Honey Awards 2022**, superando a prata da pasada edición. Unha sinal inequívoca do bo facer desta marca e de que os irmáns

González Novoa de San Miguel de Sarandón traballan coas súas abellas para elaborar un mel de calidade excepcional.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!